

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ANUNCIO do 4 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e da relación provisional de persoas excluídas do baremo para as prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de Canto (594403), Clarinete (594404) e Percusión (594422) (Anuncio de apertura de prazo do 15 de marzo de 2017, Diario Oficial de Galicia número 58, do 23 de marzo).

Logo de finalizado o prazo para a presentación de solicitudes e realizada a baremación dos méritos para as prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, das especialidades de Canto (594403), Clarinete (594404) e Percusión (594422), que se comunicou mediante un Anuncio do 15 de marzo de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* número 58, do 23 de marzo), e de acordo co disposto no punto sétimo do citado anuncio, procede publicar no portal da internet desta consellería as puntuacións provisionais e a relación provisional de persoas excluídas.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Facer públicas no portal da internet desta consellería (<http://www.edu.xunta.es>) as puntuacións provisionais e a relación provisional de persoas excluídas do baremo para prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de Canto (594403), Clarinete (594404) e Percusión (594422).

Segundo. Contra as puntuacións provisionais e a relación provisional de persoas excluídas, as persoas interesadas poderán formular unha reclamación mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

